

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **DEZANOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a OFELIA REY RECIMIL**, os concelleiros **D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- SUBVENCÍONS.-

5º.- URBANISMO.-

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobas as actas correspondentes ás sesións do 07, 14, 21 e 28 de setembro de 2007.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito de D^o Javier González Paz, en representación da empresa Explotación Minera de Campomarzo, S.A., Rexistro de Entrada nº 6816, de data 19 de outubro de 2006, remitindo relación de vertidos recepciónados o longo do mes de setembro de 2007 no vertedoiro de RCD's de Silleda, e que ascenden a 2.526,61 Tn.

A Xunta de Goberno Local, queda enterada deste escrito.

2.2.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 6800, de data 19 de outubro de 2007, remitindo resolución do director xeral de Patrimonio Cultural relativa á prórroga dos traballos de sondaxes e escavacións na Mámoa de Chousa Nova (GA36052005) (Silleda) e no seu entorno.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.3.- Escrito da Asociación de Empresarios do Polígono Área 33 de Silleda, Rexistro de Entrada nº 4665, de data 15 de outubro de 2007, indicando que tanto as empresas como usuarios do polígono Área 33 de Silleda veñen sufrindo deficiencias na liña ADSL e cobertura que afectan o seu funcionamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir esta solicitude a Telefónica de España S.A. ós efectos de que informen sobre estas deficiencias e lles poñan unha solución.

2.4.- Escrito de Augas de Galicia - Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6773, de data 18 de outubro de 2007 solicitando información relativa aos vertidos de augas residuais non domésticos conectados ás redes de saneamento xestionadas polos Concello de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda dar traslado deste escrito ó Fontanero Municipal.

2.5.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6772, de data 18 de outubro de 2007, remitindo informe emitido pola consultoría Adantia, S.L. - ATC, S.A., sobre a estación depuradora de augas residuais do Concello de Silleda, correspondente os meses de marzo, abril e maio de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda quedar enterada e dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

2.6.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 6743, de data 17 de outubro de 2007, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que ó día de hoxe atópanse con recibos pendentes de pago, correspondente ós meses de abril-xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda obxetar a relación de impagados, e solicitar a Espina y Delfín S.L. que informe ó Concello sobre o procedemento que se sigue para proceder ó corte (avisos, notificacións, etc..) Asimesmo acordan remitir esta relación ó departamento de fontanería.

2.7.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 6744, de data 17 de

outubro 2007, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de setembro de 2007 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Pena Novoa Antonio	Rúa F, s/n-4G (Silleda)
Louzao López Josefa	Avda. do Parque, 24-2A (Silleda)
Pérez Filloy Diego	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-4B (Silleda)
García Iglesias Monserrat	Rúa F, s/n-3F (Silleda)
Rodríguez Costoyas María Jesús	Rúa F, s/n-3G (Silleda)
Candal Cibeira Tatiana	Rúa da Estación, 22-1I (Silleda)
Const. Pereiro y Campos S.L.	Rúa General, 38-5A (Bandeira)
Const. Pereiro y Campos S.L.	Rúa General, 38-5B (Bandeira)
Vázquez Lara Sergi	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-1E (Silleda)
Salas Torices José Luis	Rúa Emilio Alonso Paz, 14-1F (Silleda)
Castro Núñez Verónica	Rúa da Estación, 22-3B (Silleda)
García Vidal María	Rúa da Estación, 22-3G (Silleda)
Vidueiros Sánchez Javier	Rúa F, s/n-2G (Silleda)
Morado Iglesias Lucia	Rúa Santa Eulalia, 7 bj (Silleda)
Rozas Montoto José Manuel	Rúa San Isidro, 28-4A (Silleda)
Cibeira Castro Vanessa	Rúa Emilio Alonso Paz, 7-2B (Silleda)
Meijome Tato Manuel	Rúa José Antonio, 18-2B (Silleda)
Balo Villaverde Luis	Rúa F, s/n-1A (Silleda)
De la Fuente Fernández Alejandro	Rúa da Estación, 22-4C (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado destas solicitudes ó Fontanero Municipal para seu informe, o cal será elevado a esta Xunta de Goberno Local para súa aprobación se procede.

2.8.- Escrito da Garda Civil do posto de Silleda, Rexistro de Entrada nº 4649, de data 11 de outubro de 2007, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2007-004661-00000377 por infracción á normativa de residuos contra Dº José Antonio Soto Rozados por abandono de vehículo matrícula PO-4659-AB, marca: Nissan, modelo: Trade, na rúa L (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº José Antonio Soto Rozados para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo.

2.9.- Escrito Subdelegación do Goberno en pontevedra - Dependencia Provincial de Industria e Enerxía, Rexistro de Entrada nº 4668, de data 15 de outubro de 2007, remitindo autorización a Dº Manuel Villanueva Meda para entrada en funcionamento das modificacións

realizadas no taller de pirotécnica do cal é titular, sito no lugar de Zarra do Balo, Bazar nº 7 (Silleda).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.10.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6692, de data 16 de outubro de 2007, polo que se concede, á CCUU de Refoxos, representada por Dº José Luis González Soto, un caudal de auga de 0,34 l/seg procedente tres (3) mananciais situados no lugar de Refoxos, parroquia de Refoxos (Silleda), con destino a usos domésticos.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.11.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6693, de data 16 de outubro de 2007, polo que se concede, a Dª Carmen Balo García, un caudal de auga de 0,03 l/seg procedente de un pozo situado na parcela nº 441 do polígono 504 da zona 18, no lugar de O Curro, nº 10, parroquia de Cira (Silleda), con destino a rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.12.- Escrito de Dº Francisco J. Tobar Cereijo, Director do CEIP de Bandeira, Rexistro de Entrada nº 6829, de data 19 de outubro de 2007, remitindo informe de identificación de riscos do Colexio, feito polo profesor de Ed. Física Dº José López Casal, así como solicitude para establecer un plan de mantemento e limpeza das instalacións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2.13.- Escrito de Dº Miguel Núñez Troitiño, traballador deste Concello, informando sobre o escrito presentando por Dº Luis González Villanueva, Rexistro de Entrada nº 4163, de data 17 de setembro de 2007, sobre revisión do sistema de numeración das casas da parroquia do municipio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste informe ó Sr. González Villanueva.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Aprobación de Bases do Programa de Cooperación.

Pola Sr. Alcaldesa-Presidenta procédese a dar lecturas as seguintes Bases para contratación de traballadores desempregados para prestación de servizos de interese xeral ou social:

“BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE

TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE INTERESE XERAL OU SOCIAL

1.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación temporal de traballadores/as desempregados/as para a prestación dos seguintes servizos de interese xeral ou social (Orde do 31 de xaneiro de 2007 da Consellería de Traballo.- Programas de Cooperación):

- 2 Oficiais 1ª para o PIEG-Exclusión Social (Humanización de Silleda)
- 2 Oficiais 2ª para o PIEG-Exclusión Social (Humanización de Silleda)
- 1 Oficial 1ª para a Restauración de Centros e Atención de Parques e Áreas recreativas de ocio.
- 3 Peóns para a Restauración de Centros e Atención de de Parques e Áreas recreativas de ocio.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado (interese social), por un período de 7 meses, para os traballadores do PIEG-Exclusión Social (Humanización de Silleda) e 6 meses para os traballadores de Restauración de Centros e Atención de Parques e Áreas recreativas de ocio, condicionado á subvención concedida pola Consellería de Traballo.

Segundo o artigo 12 da cita orde de convocatoria, os/as traballadores/as desempregados/as beneficiarios/as destas contratacións non poderán repetir a súa participación nelas ata transcurridos dous anos.

2.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección será preciso reuni-los seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

- a. Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo.
- b. Ser desempregado/a e inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- c. Ter cumpridos os dezoito anos de idade.
- d. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións.
- e. Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os

méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rechazase o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se den as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada non xustifique a documentación requerida no punto 7 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será polo tempo de vixencia da contratación levada a cabo a través das presentes bases.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos de instancias que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de tres días hábiles, comezando a computarse dito prazo dende a recepción das presentes bases, sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.
- sábados: 10:00 a 13:00 h.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

Copia compulsada do D.N.I ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.

Documento acreditativo dos períodos de desemprego emitido pola Oficina Pública de Emprego.

Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por setenza firme para o exercicio de funcións públicas. (Anexo II)

1. Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa e compulsada** de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

5.- BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

5.1.- Circunstancias persoais:

2. Por atoparse actualmente en situación de desemprego, acreditado por medio de documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina Pública de Emprego: 0,02 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.
3. Por cada fillo/a ó seu cargo, que non dispoñan de ingresos ou rendas e que conviva no domicilio do/a solicitante: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,20 puntos. (Acreditado mediante un volante de empadramento da unidade familiar)
4. Por servizos voluntarios prestados á comunidade e relacionados directamente coas funcións da praza que se convoca: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 0,40 puntos.

A acreditación da prestación de servizos voluntarios efectuarase mediante certificación expedida por la organización sin ánimo de lucro, pública ou privada, na que se realizaran, na que deberán constar, como mínimo, ademais dos datos persoais e identificativos do voluntario e da entidade, os seguintes:

- A. Acreditación de que o suxeito interesado ten a condición de voluntario.
- B. Data, duración e natureza da prestación efectuada polo voluntario.

Asimesmo, para a xustificación deste extremo, os/as aspirantes poderán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, a través de diploma, certificado ou outro documento con valor probatorio expedido por organismo ou administración pública no que consten os datos sinalados nos puntos A e B

5.2.- Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado será de 2,60 puntos:

- e) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas o en Administracións Públicas, relacionados directamente coas funcións propias da praza que se convoca: 0,10 puntos/mes.

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado expedido por un organismo público ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, a xornada de traballo e o servizo prestado; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

5.3.- *Formación especializada:*

f) Pola participación en cursos, xornadas ou seminarios, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca, ata un máximo de 1,00 puntos, baremados do seguinte modo:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de máis de 100 horas: 0,25 puntos/curso.
- Por xornadas ou seminarios: 0,05 puntos/xornada, seminario.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,05 puntos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso esté relacionado co posto ó que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou diploma expedido pola entidade organizadora, ou copia cotexada dos mesmos. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos mesmos.

6.- **PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

Por resolución de alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó concurso, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou subsanación de erros.

O Tribunal de selección deste Concello valorará a documentación presentada por cada un dos/as candidatos/as preseleccionados/as pola Oficina de Emprego.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (**orixinais ou fotocopias compulsadas**); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Os integrantes de dita comisión, ademáis de actuar con suxeición ás presentes bases, quedan facultados tamén para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación; tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

O dictaminado pola comisión de persoal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O TRIBUNAL CALIFICADOR:

O Tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes estará integrado polos seguintes membros:

-Presidenta:

A Interventora do Concello de Silleda, Dona Ana María Loureiro Silva.

Suplente: A funcionaria municipal pertencente o grupo C, Dona Luisa González Barrio.

-Vogais:

- O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. José Antonio Fondevila García.
Suplente: O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. Manuel Castro Costoya.

- O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. Ismael Blanco Couto
Suplente: O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. José Iván Castro Sanmartín

- O funcionario municipal pertencente o grupo D, Don Julio Méndez Castro.
Suplente: O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. Daniel Rodríguez Espiño

Vogal-Secretario:

O funcionario municipal, pertencente o grupo D, D. David García Lareo, que actuará con voz e voto.

Suplente: O funcionario municipal pertencente o grupo D, D. José Manuel García Blanco.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e da secretaria.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/A aspirante proposto/a presentará no rexistro do concello, no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

*Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

Se o concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que

estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasa-la revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

8.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior, formalizarase o contrato entre o Sr. Alcalde do concello e o/a aspirante seleccionado/a.

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto, o aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer los recursos previstos na vixente lexislación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a estas Bases para contratación de traballadores desempregados para prestación de servizos de interese xeral ou social.

3.2.- Dase conta da certificación nº Cuatro presentada por Fernando Pena Caramés, Rexistro de Entrada nº 4477, de data 03 de outubro de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros” do PAM 06-08, asinada polo Arquitecto Técnico Director das obras Dº José Pereiras Sánchez, en data 30 de setembro de 2007, e que ascende a un importe de 28.508,56 €, así como a factura desta certificación, identificada co nº 57, de data 30 de setembro de 2007 (Rexistro de Entrada nº 4478, de 03.10.07).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Cuatro da obra “Mejoras de las Bibliotecas, Locales Sociales y Otros” do PAM 06-08, e que ascende a cantidade de 28.508,56 €, así como á factura da mesma.

3.3.- Dase conta da certificación nº Un presentada por Transportes y Maquinaria C.P., S.L., Rexistro de Entrada nº 4481, de data 03 de outubro de 2007, correspondente á execución da obra denominada “Mellora dos Accesos ós Núcleos de Poboación e Pavimentación de Vías Públicas do Municipio de Silleda” do PPC/07, asinada polo Enxeñeiro Técnico Director das obras Dº Roberto Estévez Vázquez, en data 01 de outubro de 2007, e que ascende a un importe de 80.335,92 €, así como a factura desta certificación, identificada co nº 37/07C, de data 01 de outubro de 2007 (Rexistro de Entrada nº 4482, de 03.10.07).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación nº Un da obra “Mellora dos Accesos ós Núcleos de Poboación e Pavimentación de Vías Públicas do Municipio de Silleda” do PPC/07, e que ascende a cantidade de 80.335,92 €€, así como á factura da mesma.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, Rexistro de Entrada nº 6814, de data 19 de outubro de 2007, remitindo acordo adoptado polo Consello Reitor, correspondente a súa sesión do 19 de setembro de 2007, polo que se amplía o prazo de xustificación dos investimentos nas melloras para as oficinas de turismo ata o 30 de novembro de 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Escrito da Secretaría Xeral de Emigración da Consellería de Presidencia, Rexistro de Entrada nº 6795, de data 19 de outubro de 2007, remitindo resolución de data 04 de outubro de 2007 do Secretario Xeral de Emigración concendendo unha subvención para realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na comunidade galega, durante o ano 2007.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e dar traslado do mesmo a Intervención e a Concellería de Servizos Sociais.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Actividades Clasificadas:

5.1.2.- Examinado o expediente promovido por Dª CELIA JOSEFINA GARCIA MONTERO, en virtude de instancia nº 4397 de data 10 de xullo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de explotación de gando vacún de leite, ubicado na finca nº 120, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, no Agro de Casardoño, nas proximidades do lugar de Aldea Grande, parroquia de Saidres (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Francisco Pérez Donsión, visado polo Colexio Oficial en data 02 de xullo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 15 de outubro de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4397/07 instada por Dª CELIA JOSEFINA GARCIA MONTERO, para ampliación de explotación de gando vacún de leite, ubicado na finca nº 120, polígono 1, do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, no Agro de Casardoño, nas proximidades do lugar de Aldea Grande, parroquia de Saidres (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licenza, e unha vez obtida a autorización autonómica previa solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e remitirase o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

6º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

6.1.- Escrito do Departamento de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6778, de data 18 de outubro de 2007, pola que se comunica a baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de Dª Isaura Carmen Fontao Varela, por pasamento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6.2.- Escrito do Departamento de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6779, de data 18 de outubro de 2007, pola que se comunica a baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de Dª María Manuela Liñares Liñares, por non interesarlle o servizo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6.3.- Escrito do Departamento de Acción Social, Promoción de Emprego e Muller da

Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6777, de data 18 de outubro de 2007, pola que se comunica a baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de D^a Carmen Rodríguez Rúa, por pasamento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6.4.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora social deste Concello, D^a Celia González Peteiro, sobre a solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, correspondente a D^a Regina Aller Alonso, con domicilio no lugar de Portiño, nº 7, parroquia de Dornelas (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Teleasistencia Domiciliaria de D^a Regina Aller Alonso.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,